

Principios para a elaboración desta memoria

Perfil

Período cuberto: 2005-2006.

Data da memoria máis recente: 2004.

Periodicidade de publicación: cada dous anos.

Proceso de definición do contido

Materialidade: «A información contida na memoria debe cubrir aqueles aspectos e indicadores que reflicten os impactos significativos da organización ou aqueles que poderían exercer unha influencia substancial nas avaliacións e decisións dos grupos de interese».

Antes da redacción do informe, EROSKI realizou un estudo de materialidade baseado no estándar AA 1000 de AccountAbility para identificar os asuntos relevantes en responsabilidade corporativa sobre os que reportar. O estudo consistiu na identificación e categorización dos asuntos relevantes comparando a súa madurez no sector e os riscos que estes representan para a compañía en función dos prescriptores sectoriais, os medios de comunicación e os prescriptores de opinión.

Participación dos grupos de interese: «A organización informante debe identificar aos seus grupos de interese e describir na memoria como deu resposta ás súas expectativas e intereses razoables».

EROSKI definiu os grupos de interese, identificado as súas expectativas e definido programas para establecer relacións estables con eles. Estas relacións e actividades están reflectidas no contido do Informe. Como proceso específico de inclusión dos grupos de interese na elaboración do Informe, decidiuse contar cun Comité de Expertos capaz de representar as expectativas dun abano representativo das partes interesadas. O Comité de Expertos, a través dun diálogo aberto coa Compañía, dá unha valoración independente sobre o proceso de elaboración do Informe. En particular valora como se tiveron en conta determinados aspectos presentados polo mesmo Comité á Compañía.

Comunicación con partes interesadas

Test de materialidade:

- Alcance de cobertura.
- Modelos de referencia (G3 e Pacto Mundial).

Índice de contidos

Recompilación de información:

- Comparabilidade.
- Equilibrio.

Redacción

Revisións

Autoría externa

Contacto

Neskutz Eiguren Goitz.

Departamento de Responsabilidade Social

neskutz_eiguren@eroski.es

CARTA DO PRESIDENTE

No actual entorno do pensamento económico medra a corrente que afirma a necesidade de que a empresa xunte de maneira inseparable crecemento económico con responsabilidade social e con respecto medioambiental. Dun xeito efectivo, non só teórico, integrando na propia conta de resultados o efecto de tres variables tradicionalmente dissociadas, aínda que realmente afectadas polas decisións diarias da empresa.

Esta orientación xurde nun tempo nos que o cidadán identifica á empresa como axente principal e implicado en resolver os retos sociais e medioambientais aos que se enfronta a comunidade. Para moitos a empresa é un suxeito social que contrae obrigas coa sociedade, máis alá da creación de riqueza. Deste papel derivanse esixencias éticas e o compromiso de contribuir ao progreso e ao benestar da comunidade á que pertence.

Esta orientación motiva apelacións ao mundo empresarial desde a OCDE ou desde Nacións Unidas, a través do seu Secretario Xeral, para asumir protagonismo na xestión do social e medioambiental de forma voluntaria. A través destas iniciativas vaise conformando na empresa o concepto de responsabilidade empresarial, unha instancia que debe integrar os intereses e facilitar a participación de diferentes partes interesadas nas súas decisións. Prodúcese entón a porosidade da empresa. A transversalidade, entendida como planeamento horizontal que integra diferentes aspectos de forma ascendente e descendente xuntando sensibilidades e responsabilizándose de retos e situacións antes afastados. Únense así os eixes responsabilidade-participación-transparencia e sustentabilidade toda vez que a integración de expectativas xera un valor económico social e medioambiental que fai á empresa sostible.

Para EROSKI a responsabilidade social é un precepto recollido e definido na nosa misión empresarial e ao que pretendemos dotar de coherencia e transversalidade. Por coherencia con este postulado procuramos adoptar as nosas decisións aplicando un compromiso de escoita e participación ás nosas partes interesadas. E exercemos a transversalidade, asegurando que esa cultura empape a toda a organización e que se vexa reflectida nos plans anuais do Grupo, a través de estratexias e políticas integradoras.

Ese compromiso xustifica esta Memoria de Responsabilidade Social. Pretendemos que sexa reflexo da transparencia e da apertura ás nosas partes interesadas. Para iso, acudimos a un grupo de expertos externos, sometémonos ao seu xuízo e cuxo ditame recolle esta Memoria. A través da metodoloxía de verificación ISAE 3000, a nosa información cualitativa e os datos aportados reflicten de maneira fidedigna a xestión que facemos en toda a organización da responsabilidade social. A metodoloxía seguida é a considerada máis homologada e homologable no ámbito internacional, o Global Reporting Initiative na súa terceira versión (G3), alcanzando a cualificación A+, a máxima posible en canto á extensión e calidade da información.

Sentímonos unha empresa transparente e conectada coas inquietudes da comunidade. Que mantén canles abertos permanentes con traballadores, consumidores, clientes, terceiro sector, universidades, Administracións Públicas e medios de comunicación. Esta Memoria de Responsabilidade Social amosa o balance desas prácticas, ao tempo que é un medio de expresión máis desa transparencia.

Pese á favorable evolución que ofrece esta Memoria, estamos lonxe de sentirmos conformes cos nosos resultados. Non nos faltan melloras que acometer, nin retos que superar. Os consumidores pídenos un maior compromiso co seu benestar e información máis precisa sobre as nosas políticas e produtos. Algunhas organizacións sociais instannos con firmeza a ir máis alá do noso compromiso co medio ambiente. Ademais, temos os nosos propios retos internos. Por aquilo da coherencia, á que antes facía referencia, estamos resoltos a reforzar a participación efectiva dos traballadores na súa tarefa diaria, moi cerca do tradicional concepto de autoxestión; tamén nos propoñemos articular a escoita activa dos consumidores a través dunha nova e potente fórmula de participación cidadá.

O noso compromiso coa sustentabilidade deste proxecto que se chama EROSKI esixenos fixar obxectivos máis ambiciosos de mellora, a fin de optimizar a xeración de valor alí onde esteamos. E os avances destes propósitos serán materia para a nosa seguinte Memoria de Responsabilidade Social.



Constan Dacosta Simón
Presidente GRUPO EROSKI

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'CD Simón', written over a white background.

Os desafíos dunha empresa diferente

1.1 Modelo empresarial

1.1.1 Cultura e identidade

GRUPO EROSKI é unha entidade na que os asuntos económicos e sociais se combinan en perfecta harmonía. Esta definición recóllese na súa misión empresarial e confire notable singularidade á súa andadura.

Detrás da declaración de principios que ditan a nosa maneira de actuar, reside o carácter cooperativo de GRUPO EROSKI. Os traballadores e consumidores, en representación da propiedade, integran o máximo órgano de goberno, de maneira que as decisións emanan combinando sensibilidades e superando as relacións convencionais entre empresa, traballadores e clientes.

Móvenos a calidade a prezos competitivos e queremos distinguírnos por presentar unha tenda impecable, familiar e moderna, ofrecendo solucións útiles. Ademais, a través dos nosos produtos e actividades, concretamos o noso compromiso coa promoción dun consumo e uns hábitos de vida saudables.

Considerámonos membros responsables da comunidade, polo que, xunto coa defensa dos intereses dos consumidores, promovemos iniciativas dirixidas á protección do medio ambiente, á información ao consumidor e á solidariedade. Para isto, anualmente destinamos o 10% dos beneficios a estes fins, parte dos cales xestiona FUNDACIÓN EROSKI.

Un modelo de empresa...

- ... que se preocupa polo consumidor e é referente en información para a vida cotiá.
- ... no que consumidores e traballadores son socios do proxecto, con protagonismo propio no réxime societario e na xestión.
- ... que integra as persoas e propicia o seu desenvolvemento persoal e profesional.
- ... que busca obter os beneficios que posibiliten un crecemento xerador de riqueza, para distribuílos, con compromiso de solidariedade cos socios, os traballadores e a comunidade.

Misión

Somos un GRUPO de distribución de produtos e servizos de gran consumo. Como expresión da nosa responsabilidade social queremos:

- Achegar solucións satisfactorias aos clientes mediante a innovación permanente.
- Crear un proxecto e un modelo de empresa integradora de persoas.
- Promover o desenvolvemento persoal e profesional dos traballadores.
- Acadar posicións de liderato no mercado español.
- Obter os beneficios que posibiliten un crecemento xerador de riqueza.
- Distribuír os resultados nun marco de cooperación e de participación societaria.
- Comprometernos na defensa dos consumidores.
- Promover o respecto e a xestión favorables ao medio ambiente.
- Contribuír á mellora da comunidade onde actuamos.

Anualmente destinamos o 10% dos beneficios á protección do medio ambiente, á información ao consumidor e á solidariedade.

Valores

- **Cooperación.** Os traballadores somos propietarios e protagonistas.
- **Participación.** Os traballadores participan no capital, na xestión e nos resultados.
- **Responsabilidade social.** A nosa actividade inflúe no entorno máis próximo, coa mellora do que nos sentimos solidarios.
- **Innovación.** A renovación permanente e a busca constante de novas opcións son condicións necesarias para o progreso empresarial.
- **Valor consumidor.** Defensa da saúde e a seguridade dos consumidores a través da oferta e a información.

Os desafíos dunha empresa diferente

1.1 Modelo empresarial

1.1.2 Enfoque de xestión

EFQM

No GRUPO EROSKI aplicamos un modelo global de xestión baseado nos principios da **European Foundation of Quality Management (EFQM)**, o que nos permite avaliar a calidade da xestión e adoptar medidas de mellora. O noso modelo aséntase en sistemas de xestión tanto horizontais como verticais, que abarcan os nosos compromisos con relación á eficiencia económica, satisfacción do cliente, defensa dos dereitos humanos, normas laborais, medio ambiente e anticorrupción.

Actualmente, posuímos dous certificacións Q de prata nas Plataformas de mercadorías xerais de Elorrio e a de produtos frescos de Amorebieta. Seguimos traballando para estender o modelo a toda a organización.

Xestión de calidade

A calidade, entendida como a garantía de cumprimento de atributos, e a seguridade, desde a produción ata o consumo e información ao consumidor, son piares básicos da nosa actuación. A súa xestión organízase arredor dunha serie de controis exhaustivos ao longo de toda a cadea:

- Auditoría inicial de homologación e de seguimento a provedores de marca propia.
- Sistema de xestión de calidade segundo ISO 9001 para a recepción, almacenamento, cadea de frío, expedición e transporte.
- Verificación diaria do correcto estado do produto en punto de venda, o mantemento da cadea de frío e a hixiene e limpeza das instalacións (Análise de Perigo e Puntos Críticos (APPCC)).
- Análises periódicos da calidade microbiolóxica dos produtos e a hixiene das superficies de manipulación de produtos frescos.
- Auditorías periódicas, internas e externas, de verificación dos sistemas e ferramentas de control de calidade.
- Sistemas de trazabilidade para produtos frescos.
- Manual de alerta alimentaria e retirada de produto.



O laboratorio propio é unha peza clave do Departamento de Calidade de Produtos, dentro da Área de Consumo e dependente da Dirección Xeral. Está acreditado por ENAC, o que asegura a veracidade, valor legal e trazabilidade dos resultados, ademais de poder homologar a outros laboratorios subcontratados.

En 2005, Euskalit (Fundación Vasca para a Calidade) premiou o noso compromiso coa calidade en EROSKI/viaxes.

Xestión ética

A responsabilidade social é un valor que aplicamos no noso modo de exercer a empresa. Este valor é impulsado por un Comité Ético formado pola propia Dirección Xeral, a Dirección de Consumo, a Dirección de Responsabilidade Social, a Xerencia Social e a Dirección de Compras, e tradúcese nunha xestión eficaz que responde aos nosos grupos de interese abordando o respecto dos dereitos do consumidor, dos traballadores, dos provedores e da comunidade.

Os nosos compromisos, descritos no código ético, esténdense ao longo de toda a cadea de valor vinculando a traballadores propios, subcontratas e a provedores críticos. O seguimento articúlase a través dunha auditoría interna anual, baseada na ferramenta de autoavaliación do Ministerio de Asuntos Sociais danés.

Dispoñemos da certificación SA8000 para a Sede e a Central de Compras. Esta norma recolle os

principios que garanten o respecto aos dereitos humanos no ámbito do traballo conforme a resolucións da **Organización Internacional do Traballo (OIT)**. O seu respecto é certificado por auditores independentes e externos anualmente nas auditorías de seguimento e cada tres anos hai unha recertificación completa do sistema de xestión e a súa mellora continua respecto da norma.

Ademais do persoal interno, quedan establecidos procedementos para a avaliación dos provedores da central de compras conforme ao risco de incumprimento dos puntos da norma a través de auditorías presenciais afondando no respecto aos **principios de ausencia de traballo infantil e/ou forzado**.

Os criterios definidos no alcance da SA8000 son:

- **Seguridade e saúde no traballo**, a través do sistema de prevención de riscos laborais implantado na sede social e regulado por un Comité de Prevención, destacando as revisións periódicas da actividade, da adecuación do plan de emerxencia e da formación.
- **Liberdade de asociación e dereito de negociación colectiva**, a través dos órganos sociais de decisión internamente estruturados.
- **Non discriminación** en procesos de selección e promoción interna, orientada principalmente á integración de eventuais, recrutamento de persoas con discapacidade e colaboracións con institucións de colectivos con dificultades de integración e a potenciar a igualdade de xénero nos postos de dirección.
- **Horario de traballo e remuneración** en referencia ao cumprimento do establecido nas normas laborais de cada exercicio, horas excedentarias e as medidas de flexibilidade co fin de conciliar a vida profesional coa persoal.
- **Formación no fomento da empregabilidade**.

Prevención de riscos laborais

A xestión da saúde e a prevención de riscos laborais centralízanse nun servizo mancomunado dirixido polo director de Servizos de Prevención, dependente da Dirección Social. A organización xestiónase en árbore, partindo do Comité de Seguridade e Saúde, pasando polos delegados de Prevención e coordinadores de Prevención.

O Comité de Prevención que regula as actuacións neste ámbito, entre as que destacan as revisións periódicas da actividade, a adecuación do plan de emerxencia e a formación en materia de prevención de riscos laborais. As medidas concretas van desde simulacros, inspeccións programadas, auditorías tanto internas como externas, ata a implantación do sistema en novas superficies e as campañas de sensibilización e formación.

A vixilancia da saúde dos traballadores artículase a través das Unidades Básicas de Saúde (UBS) os servizos contratados a mutuas alí onde non estiveran implantadas.

Xestión ambiental

O cumprimento do noso compromiso co medio ambiente xestiónase desde o Departamento de Calidade e Medio Ambiente, dependente da Dirección Xeral. Este labor complementase coa promoción da sensibilidade ambiental a consumidores a través das campañas de **Idea Sa Eroski**.

A nosa ferramenta de xestión, denominada **ECOPLAN**, abarca a implementación de obxectivos, o control do seu cumprimento, a investigación en melloras ambientais do produto, a formación e a comunicación con partes interesadas.

O noso esforzo viuse recompensado ao longo deste período con recoñecementos como Europa Cork, concedido en novembro de 2006 pola campaña de sensibilización do uso da cortiza natural; o Ecogourmet, concedida cinco meses antes por ser a gran superficie que mellor dispón e expón alimentos ecolóxicos.

Cobertura UBS:

UBS Garbera

Abarca Guipúscoa, Navarra e parte da Rioxa.

UBS Elorrio

Abarca Duranguesado, Álava, Burgos e resto da Rioxa.

UBS Bilbondo

Abarca resto de Biscaia e Santander

UBS Murcia

Abarca a Rexión de Murcia.

UBS Málaga

Abarca Málaga e Granada.

UBS Madrid

Abarca a Comunidade de Madrid, Guadalaxara e Toledo.

Os nosos compromisos descritos no código ético esténdense ao longo de toda a cadea de valor vinculando a traballadores, subcontratas e a provedores.

Xestión económico-financieira


O logro dos obxectivos económicos, xestionados a través do ECOFIN e coordinados cos compromisos éticos, ambientais e sociais, contrólase mensualmente a través de auditorías internas realizadas polo Departamento de Garantía Patrimonial, dependente da Dirección Corporativa. Os resultados son valorados polo Consello Social e o Consello de Dirección. Así mesmo, sometémonos a unha auditoría anual externa que é aprobada na Asemblea Xeral.

Acreditacións e certificacións

CENTRO/PRODUTO CERTIFICADO	NORMA	DATA DE CERTIFICACIÓN	DATA DE RENOVACIÓN	ALCANCE
Centro de Transformación de Cárnicos (CTC) de Zorroza	UNE en ISO9001:2000	1995	nov 06	O aproveitamento, a manipulación, o despece, o almacenamento e a entrega nos centros de venda de GRUPO EROSKI de carne e produtos cárnicos (2002).
Laboratorio de Calidade de produto do GRUPO EROSKI	UNE en ISO/IED17025:2000	1997		Ensaos microbiolóxicos en alimentos e bebidas (2005).
Plataforma de produtos frescos (PPF) de Amorebieta, Vitoria e Getafe	UNE en ISO9001:2000	1999	jun 05	Aprovisionamento e distribución de produtos frescos (chacinería, froitas? hortalizas e peixe fresco) desde a plataforma de Zubieta (Amorebieta) ao GRUPO EROSKI. Aprovisionamento e xestión da distribución de produtos frescos (chacinería e froitas-hortalizas) desde a plataforma de Vitoria a GRUPO EROSKI. Aproveitamento e xestión da distribución de peixe fresco desde a plataforma de Pinto en Madrid ao GRUPO EROSKI (2001).
Hipermercados EROSKI de Artea	UNE en ISO14001	2000	abr 05	Xestión medioambiental.
Tenera EROSKI Natur	Regulamento1760/2000	2000		Aspectos de trazabilidade e etiquetado na tenreira EROSKI Natur.
Polo vexetal EROSKI Natur	UNE en ISO45011	2001		Aspectos de orixe, método de crianza e alimentación do polo vexetal de EROSKI Natur.
Viajes EROSKI	Q de Calidad Turística	2001		Conformidade do sistema de calidade de negocio de Viajes EROSKI cos requisitos das normas de calidade establecidas polo ICTE para a obtención da Q de <i>Calidade Turística</i> .
Viajes EROSKI	UNE en ISO9001:2000	2002		A prestación de servizos de viaxes vacacionais colectivos e empresas baixo as marcas comerciais: Viajes EROSKI, Travel Air e Forum Club de

				Viages. O deseño e desenvolvemento de viaxes vacacionais.
Centro de Atención a Usuarios (CAU) do Departamento de Información y Sistemas (DIS) do GRUPO EROSKI	UNE en ISO9001:2000	2002		O servizo de atención de incidencias a usuarios dos sistemas de información de GRUPO EROSKI
Plataforma de produtos frescos (PPF) da Coruña	UNE en ISO9001:2000	2002		A actividade de aprovisionamento e control de produto. Produción de produtos elaborados, preparación e distribución de pedidos de chacinería, lácteos, froita, carne e peixe fresco que se venden nas tendas de GRUPO EROSKI e en centros franquiciados.
Plataforma de Mercadorías xenerales (PMX) de Elorrio	Q de Prata	2002		Modelo de excelencia na calidade de xestión segundo EFQM.
Centro de Produción de Aceites (CPA) de Olilán	UNE en ISO9001:2000	2003	feb 05	Actividades de envasado e distribución de aceites de oliva e xirasol.
Sede Social GE	SA8000	2003	oct 06 con el n¼ 7000852	Sistema de xestión de responsabilidade social.
Plataforma de produtos Frescos (PPF) de Amorebieta	Q de Plata	2004		Modelo de excelencia na calidade de xestión segundo EFQM.
Plataforma de produtos Frescos (PPF) de Málaga	UNE en ISO9001:2000	feb. 07		O aprovisionamento e distribución de carne e produtos cárnicos, produtos frescos (chacinería, froitas-hortalizas, e repostería fresca) e peixe fresco desde a plataforma UDAMA (Málaga) aos centros de venda do GRUPO EROSKI.

Organización funcional



A Dirección Xeral é designada polo órgano de goberno e está asesorada por un Consello de Dirección. A función directiva gobiñase baixo o principio de libre disposición e confianza. Os valores corporativos, a cuxa transmisión se compromete, as prácticas de funcionamento e o perfil do directivo quedan especificadas no Estatuto do Directivo.

Os desafíos dunha empresa diferente

1.1 Modelo empresarial

1.1.3 Organigrama societario e alianzas internacionais

Coa denominación de EROSKI S.Coop. atópase constituída unha cooperativa de consumo. Esta entidade é a empresa matriz de GRUPO EROSKI, composto polas sociedades filiais que aparecen no organigrama societario.

A nosa alianza internacional Alidis segue ofrecendo importantes avances. En 2006, representou unha facturación de 74.350 millóns de euros, apoiándose nunha rede de 17.000 puntos de venda implantados en dez países: Alemaña, Bélxica, Bosnia-Herzegovina, Dinamarca, España, Francia, Polonia, Portugal, Romanía e Serbia. Hai que resaltar a entrada en 2005 de Edeka, líder alemán en distribución, que nos permitiu dispoñer dunha posición máis ventaxosa no mercado internacional e trasladar estas vantaxes aos nosos clientes en prezo e surtido.

Organigrama societario

EROSKIS. COOP	CENTROS COMERCIAIS CECO S.A.	CECOSA SUPER- MERCADOS S. L.	CECOSA DIVERSI- FICACIÓN S.L.	CECOSA VARIOS S.L.
Sociedade matriz do GRUPO EROSKI	Cabeceira de liña hipermercados	Cabeceira de liña Supermercados	Cabeceira de negocios de diversificación complementarios á actividade principal	Outras participacións institucionais estratéxicas da empresa

Actualmente, en alianzas con outras sociedades fomentamos o desenvolvemento da rede comercial de supermercados no territorio español

Sociedades participadas

SOCIEDADE	% PARTICIPACIÓN		LOCALIZACIÓN	REDE COMERCIAL	
	2005	2006		2005	2006
UDAMA	100%*	100%*	Aragón	****	****
			Andalucía	****	****
SUPERA	97%	97%	Madrid, Extremadura	48	49
			Castela e León e Castela A Mancha	48	49
VELGASA	50%	50%	Galicia	178	174
MERCAT	100%	100%	Baleares rede propia	118	114
			Baleares franquiciados, enseña Aprop	48	57

*Participación indirecta a través de Mercat

**** Datos non consolidados en outras sociedades

Os desafíos dunha empresa diferente

1.2 Valor económico xerado e distribuído

1.2.1 Principais cifras

Ante a necesidade de axuste da economía familiar, a oferta de bo prezo impoñe. Isto non impediu o crecemento de EROSKI. Gañamos cota de mercado e progresamos con taxas superiores a anos anteriores, reducindo custes operativos e consolidando aforros na cadea de suministro.

Seguimos investindo na apertura de novas superficies e en xerar carteira. Con este esforzo, ademais da mellora e renovación da rede e da loxística, volvemos superar os nosos competidores, conseguindo niveis de marca na carteira de proxectos de supermercados.

O *Cash Flow* acaba en 2006 o importe de 403.247 miles de euros e os investimentos medran máis do 100% no período 2005-2006.

En EROSKI somos xa 32.652 persoas, un 8,5% máis que en 2004. Ademais, en 2005-2006 incorporáronse 477 novos socios traballadores. En relación cos socios de consumo e amigos da FUNDACIÓN, somos 548.189, un 14% máis que hai dous anos.

Os bos beneficios obtidos confirman o dominio da xestión. Ademais da recompensa económica, os propietarios de EROSKI, os propios traballadores, obtemos nos bos resultados da empresa a nosa maior satisfacción profesional.

Magnitudes económicas

Principias cifras (miles de euros)

	2005	AVANCE 2005	2006	AVANCE 2006
Vendas consolidadas	6.005.658	7,6%	6.414.517	6,08%
Resultados consolidados	143.374	10,4%	190.655	32,98%
Investimentos netos	297.977	-16,6%	611.603	105,25%
<i>Cash Flow</i>	345.329	8,7%	403.247	6,77%
Fondos propios	1.104.500	7,9%	1.211.903	9,72%
Gastos de explotación	1.998.810	8,4%	ND	ND

Negocio Marca propia

	2005	AVANCE 2005	2006	AVANCE 2006
% vendas marca propia	28%	104,9%	29,16%	105%
Nº referencias permanentes *	1.994	12,6%	2.380	19,40%

* Calculadas como referencias de MM.PP. con vendas en cada exercicio, non bloqueadas. Fonte: GBI

Traballadores

	2005	AVANCE 2005	2006	AVANCE 2006
Traballadores propietarios	12.415	3,4%	12.775	2,8%
Traballadores non propietarios	19.501	1,1%	19.876	1,9%

Socios de consumo e amigos da Fundación

	2004	2005	AVANCE 2005	2006	AVANCE 2006
Socios-amigos de Fundación	481.275	515.226	7,1%	548.189	6,4%

Magnitudes operativas

Sala de ventas (m²)

	2004	2005	AVANCE 2005	2006	AVANCE 2006
Sala de vendas (m ²)	1.312.652	1.381.445	5,2%	1.442.828	4,4%

Rede comercial 2006

	APERTURAS	TOTAL
EROSKI	5	84
EROSKI/center	22	481
EROSKI/city	2	65
Gasolineiras EROSKI e Gasolineiras Super	4	48
EROSKI/viajes (inclúe Travel Air)	17	257
Forum Sport	4	42
Perfumerías If	31	227
Abac	-	2
CASH RECORD	-	19
Food Service	-	3
Total España	85	1.228
Francia	-	37
Total rede propia	85	1.265
Aliprox e outros franquiciados	3	572
Total GRUPO	88	1.837

Promoción de parques e centro comerciais

	APERTURAS	2005	2006
Nº espazos comerciais propios		5	20
Superficie comercial galerías propias 100% (m ²)		153.269	98.555,50
Locais a disposición		390	587

Os desafíos dunha empresa diferente

1.2 Valor económico xerado e distribuído

1.2.2 Xeración de riqueza

A nosa actuación como motor de desenvolvemento queda patente na xeración de emprego, a promoción de actividades auxiliares derivadas do traballo con provedores e subcontratas, o pago de impostos ou a retribución a aqueles que confiaron os seus investimentos á nosa organización.

Así mesmo, atribúese un mínimo do **10% dos excedentes netos ao Fondo de Educación e Promoción Cooperativa (FEPC)**, parte do patrimonio neto de carácter irrepatriable e inembargable excepto por certas débedas, cuxo destino aproba a Asemblea Xeral e xestiona o Consello Reitor. As cantidades destínanse a promover iniciativas de formación e información ao consumidor e tamén de solidariedade e compromiso co medio ambiente.

A presenza dos nosos centros é un estímulo para o desenvolvemento socioeconómico da comunidade da que formamos parte a través do efecto multiplicador que supón a aparición de subestruturas para prover a nosa rede. Cabe destacar os seguintes puntos:

- A actividade de promoción de parques e centros comerciais empregou unha media anual de **1.700 persoas** na construción dos cinco que se abriron en 2005. Tamén puxo a disposición dos comerciantes 390 locais.
- A nosa alianza internacional Alidis abre as portas do mercado alemán aos nosos provedores preferentes ao incorporar Edeka.
- Os **nosos obxectivos de calidade** en marca propia lévannos a manter colaboracións con provedores de duración indefinida e suxeitas a acordos estables que aseguran un proxecto sostible ao gandeiro ou ao agricultor.
- A **promoción permanente de produtos locais e rexionais** representa unha oportunidade para os emprendedores da rexión. As iniciativas e resultados neste ámbito quedan recollidos no capítulo 5.

A presenza dos nosos centros é un estímulo para o desenvolvemento socioeconómico da comunidade da que formamos parte.

En 2005 aboamos o 5,337% de xuros (Euribor + 3 pp) aos titulares de Achegamentos EROSKI por un importe de 15,47 millóns de euros. En 2006 a retribución fíxase no 5,890%. En 2005, os traballadores propietarios asignámonos 57,5 millóns de euros dos beneficios.

O Cash Flow acadado en 2006 o importe de 403.247 miles de euros e os investimentos medran máis do 100% no período 2005-2006.

Reparto de riqueza (millóns de euros)

	2005	2006
Ventas	6.414.517	6.005.658
IVE	8,81	8,79
Compras	67,64	67,97
Remuneración de capital	1,08	0,82
Amortizacións	3,31	3,36
Servizos exteriores	8,77	8,42
Fiscais	0,32	0,34
Persoal	9,75	9,73
Socios	2,67	2,73
Fixos	5,28	5,01

Temporais	1,80	1,99
Resultados	1,70	1,41
Reservas	1,35	1,05
Retornos	0,35	0,36
Educación	0,19	0,16

Investir en EROSKI

Investir en EROSKI é facelo nunha empresa sólida, dinámica e en crecemento. Con Achegas Financeiras Subordinadas, EROSKI ven ofrecendo ao investidor unha atractiva rendabilidade, ao engadir ao Euribor a un ano un 3% adicional, fixado con data de 29 de xaneiro de 2003. As achegas veñen cotizando no mercado AIAF de forma regular e estable por encima do 100%.

Dado que a emisión foi pechada, a posibilidade de obter Achegas Subordinadas EROSKI depende da súa dispoñibilidade na rede bancaria.

2002, 1.^a emisión ata un total de 90 millóns de euros, sobre unha demanda superior que ascendeu a 122,86 millóns de euros.

2003, 2.^a emisión para a compra da sociedade balear de supermercados Mercat, na que EROSKI xa tiña unha participación relevante.

2004, 3.^a emisión con vistas a financiar a nosa expansión de hipermercados e supermercados, cun montante a subscribir de 125 millóns de euros.

A principios de 2007 realizouse un novo lanzamento ao 5,89% TAE durante o mes de xaneiro e EURIBOR + 3% a partir do 1 de febreiro.

Os desafíos dunha empresa diferente

1.3 Goberno da sociedade

1.3.1 Estrutura e funcións

A cooperativa estrutúrase en dúas comunidades: a de socios de consumo e a de socios de traballo. Ambas as dúas organízanse internamente segundo o Regulamento de Réxime Interno Cooperativo. Os primeiros constitúense en **Comités Consumeristas Locais**, cuxas presidenciais integran o Comité Consumerista, órgano de consulta e asesoramento do órgano de goberno. Pola súa banda, o réxime laboral dos socios de traballo queda aprobado polo consello reitor.

Órganos sociais

Asemblea Xeral

Constituída polos Delegados en representación dos socios, é o órgano supremo de expresión da vontade social dos propietarios. Son un máximo de 500, dos cales un 50% corresponde a delegados de socios de consumo e o outro 50% aos de traballo. Adóptase a figura de Xuntas preparatorias co fin de garantir mellores canles de participación dos socios que, entre outras funcións, deberán elixir os Delegados.

Consello Reitor

É o órgano de goberno, xestión e representación da sociedade cooperativa. A Presidencia serao tamén da Cooperativa. Está composto por 12 titulares elixidos pola Asemblea por catro anos, e están representados a partes iguais socios de consumo e de traballo. Poderá designar no seu seo unha Comisión Permanente que contará, ao igual que o Consello Reitor, coa asistencia, con voz pero sen voto, da Dirección Xeral, o Consello de Dirección e outros cargos técnicos.

Consello Social

É un órgano composto por socios de traballo cuxa función é contribuír a unha adecuada xestión das materias relacionadas con estes pola súa condición de traballadores. Está composto por un máximo de 16 e un mínimo de 12 persoas electas, ademais da Presidencia do Consello Reitor e a Dirección Social (con voz, pero sen voto). Para unha mellor consecución dos seus obxectivos, o Consello Social está dotado de Comisións Delegadas definidas para cada demarcación.



É o órgano de goberno, xestión e representación da sociedade cooperativa. Composto por 12 titulares elixidos pola Asemblea.

Consello Consumerista

É un órgano de consulta e asesoramento do Consello Reitor nos aspectos que fan referencia ao consumidor. Como resposta á problemáticas de cada localidade, constitúense os Comités Consumeristas Locais.

Comisión de Vixilancia

A Asemblea en votación secreta designa aos seus tres compoñentes, dous socios de consumo e un de

traballo. As súas funcións son de natureza fiscalizadora en relación co funcionamento dos órganos sociais, auditorías e resto de sistemas de control da cooperativa.

Comité de Recursos

Ten a función de tramitar e resolver os recursos presentados polos socios. Está composto por cinco persoas, tres traballadores e dous consumidores, elixidos en votación secreta pola Asemblea. O posto será incompatible con calquera cargo electo da Cooperativa ou relación laboral. Ás súas reunións asiste o Presidente do Consello Reitor. Non poderán tomar parte na tramitación e resolución dos recursos aqueles compoñentes que teñan, respecto do socio afectado, parentesco de consanguinidade ou de afinidade ata o segundo grao, vínculos de subordinación, amizade íntima ou enemizade manifiesta.

Consello de Administración de CECOSA GESTIÓN, S.A.

Está formado por 21 conselleiros, entre os que están todos os membros do Consello Reitor, e o seu Presidente é o do GRUPO EROSKI. Ten a función de, por delegación da sociedade matriz, nomear os cargos, formular e aprobar plans, e fixar as liñas de xestión e orzamentos para o conxunto das empresas e negocios que compoñen o GRUPO EROSKI.

Estrutura de goberno y funciones

	2004	2005	2006
Nº socios de consumo participantes en xuntas	7.727	5.837	60.25
Nº socios de traballo participantes en xuntas	6.864	5.427	5.497

CONSELLO RECTOR

Seis conselleiros socios de traballo e seis conselleiros socios de consumo. A metade deles debe renovarse cada dous anos.

- Reunións mensuales coa Dirección xeral e a Dirección de Consumo.
- **Funcións:**
 - Elección do Presidente da Cooperativa.
 - Ratificación anual do Director xeral.
 - Presidencia da Asemblea xeral.
 - Fijación do Reglamento de Réxime Interno.
 - Representación e exercicio de dereitos ante xulgados, tribunais e organismos do Estado.
 - Investimento de fondos dispoñibles e suscripcións de achegas e emisións de bonos e obrigacións.

ASEMBLEA XERAL

- Órgano soberano presidido polo consello Rector.
- Asemblea anual para aprobación de contas, plan de xestión, presentación de resulta dúas e ratificación dos compoñentes propostos para o consello Rector.

XUNTAS PREPARATORIAS

- Asembleas anuais informativas de traballadores e consumidores para elección dos delegados da Asemblea xeral.

CONSELLO XERAL *

- Órgano consultivo do CONSELLO Rector no referente a traballadores.
- Presidentes electos de cada Comisión Delegada.
- Propoñen á Asemblea seis conselleiros para conformar o 50% do consello Rector.
- Participan con voz, pero sen voto, o Presidente da Cooperativa e o Director Social.

CONSELLO CONSUMERISTA

- Órgano consultivo do consello Rector no referente a consumidores.
- Presidentes electos de cada Comité Local.
- Propoñen á Asemblea seis conselleiros para conformar o 50% do consello Rector.
- Participan con voz, pero sen voto, o Presidente da Cooperativa e o Director de Consumo.

COMISIÓNS DELEGADAS

- Organizadas por rexións.
- Delegados elixidos polos socios de traballo.
- Elixen aos membros do CONSELLO Social.

COMITÉS LOCAIS

- Organizadas por rexións.
- Delegados elixidos polos socios de consumo.
- Elixen aos membros do CONSELLO Consumerista.

SOCIOS DE TRABALLO

SOCIOS DE CONSUMO

• 12.298 trabajadores propietarios.

• 356.590 consumidores socios.

* Según se recoge en el Art. 59 de los Estatutos, el Consejo Social es el órgano competente para contribuir a una adecuada gestión de las materias relacionadas con los socios de trabajo. Tiene sus tareas:

- Elaborar las normas laborales anuales.
- residir la Junta Preparatoria de los socios de trabajo.
- Desarrollar las funciones asesoras e informativas del Consejo Rector.

Os desafíos dunha empresa diferente

1.3 Goberno da sociedade

1.3.2 Bo goberno

O noso sistema de goberno corporativo orienta o funcionamento dos distintos órganos sociais, así como os dereitos e normas de conduta dos Conselleiros e a Alta Dirección. Ademais, asegura unha xestión transparente e ética e os mecanismos de control do cumprimento.

As normas que o regulan son tres: o Estatuto do Conselleiro e do Reitor, o Regulamento Interno de Conduta e o Regulamento Interno do Consello de Administración e Consello Reitor. Estas normas aplícanse a todas as nosas sociedades.

Cabe resaltar algunhas medidas de bo goberno como:

- **Remuneración:** ningún dos membros recibe remuneración algunha polo desempeño do seu cargo de conselleiro. O exercicio dos cargos na Comisión de Vixilancia tampouco dará dereito a retribución, só se compensarán os gastos orixinados.
- O Presidente do órgano de goberno é o Presidente da Cooperativa, **un consumidor**.
- Só hai **dous executivos** dos 21 conselleiros do Consello de Administración de CECOSA GESTIÓN, S.A.
- **Capital social:** ningún socio poderá posuír máis do 25% do capital social da Cooperativa.
- **Conflicto de intereses:** será precisa a autorización da Asemblea cando a cooperativa se obrigue con calquera compoñente do Consello Reitor, Comisión de Vixilancia ou a Dirección cos seus familiares ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Isto tamén se aplica cando, con cargo á cooperativa e a favor das persoas antes sinaladas, se realicen operacións de asunción de débedas, prestación de fianzas, avales, préstamos, etc. Ademais, as persoas nas que conorra esta situación non tomarán parte na votación.
- **Auditoría externa de contas:** en ningún caso poderá ser realizada por persoas que desempeñen o desempeñaran nos últimos catro anos postos de administración ou funcións de asesoramento na Cooperativa.

Dondo encontrar máis información

Desde 2003, EROSKI S.Coop. publica anualmente un Informe de Goberno Corporativo, que pode ser consultado na nosa web (www.eroski.es), con información máis detallada da estrutura da propiedade, do goberno da sociedade ou dos procesos para a toma de decisións.

Os desafíos dunha empresa diferente

1.4 Os desafíos de EROSKI

1.4.1 Comunicación e expectativas do noso entorno

A relación coas nosas partes interesadas variaron aclimatándose á evolución propia das organizacións e ao medio no que traballamos. Este cambio está presente nas expectativas que depositan en nós a sociedade, a comunidade local, os provedores, o noso equipo, os investidores, os gobernos e os clientes.



Principales mecanismos de comunicación

Traballadores	<ul style="list-style-type: none">● Publicacións: Nexo, Sede, Aduna, Prisma (Intranet), Actas, Tablons, enquisas de avaliación, Mellorando, manual de acollida.● Actividade societaria.● Voluntariado.● Auditorías (Código ético e SA8000).● Voto solidario.● Enquisa de clima laboral
Inversores e xestores	<ul style="list-style-type: none">● Web.● Memoria corporativa.● Rolda de prensa.● Informe de Goberno Corporativo
Clientes	<ul style="list-style-type: none">● Idea Sa EROSKI: revista, estudos, foros, postos, maillings, campañas e Observatorio.● Memoria corporativa.● Focus group.● Servizo de atención ao cliente (en tenda, teléfono e web).● Voto solidario.● Sistema de Arbitraje de Consumo.
Consumidores	<ul style="list-style-type: none">● Actividade societaria.● Focus de consumidores.● Revista Consumer Eroski.● Páxinas web informativas: FUNDACIÓN EROSKI, Consumer.es e Consumaseguridad.es.● Barómetro de Consumo e Frescómetro.● Voto solidario.● Encontros socio-amigos FUNDACIÓN
Terceiro sector	<ul style="list-style-type: none">● Universidades: convenios, bolsas de estudo.● ONG: convocatoria anual patrocinios, xornadas, postos.● Comité expertos
Provedores e alianzas	<ul style="list-style-type: none">● Convenios.● Auditorías.● Foros permanentes e ocasionais.
Gobernos	<ul style="list-style-type: none">● Acordos, convenios.● Patrocinios, colaboracións.

Clima laboral

	2004	2005	2006
Puntuación (sobre 5)	3,34	*	3,35

* Estudo de periodicidade bienal.

Traballadores

A participación dos empregados artículase fundamentalmente a través de tres mecanismos: a actividade societaria, a enquisa de clima laboral e os instrumentos permanentes e puntuais de recollida de suxestións.

A través das comisións delegadas, xuntas e asembleas, o traballador propietario, con voz e voto, é partícipe directo das decisións da empresa. Existen máis dunha ducia de canles ascendentes e descendentes cuxa misión é cumprir co dereito á información que teñen os socios, tanto traballadores como consumidores. Trátase de canles periódicas escritas e orais que desembocan nun indicador: reclamacións atendidas, que deben ser respondidas ao 100%.

A información flúe tanto na liña societaria, que finaliza na Asemblea e o Consello Reitor, como na executiva, co papel que debe desenvolver o mando á hora de transmitir a información requirida e necesaria. Loxicamente, existe información reservada á Alta Dirección no referente á parte executiva (estratexias, crecemento da empresa, operacións a futuro...).



A través das comisións delegadas, xuntas e asembleas, o traballador propietario, con voz e voto, é partícipe directo das decisións da empresa.

O compromiso de EROSKI coa **xeración de emprego estable e de calidade** mídese en toda a organización a través de enquisas de satisfacción, avaliándose cada dous anos aspectos como a retribución e o recoñecemento, o ambiente de traballo, a política ambiental e a integración na empresa. En 2006 recibíronse 16.878 enquisas, o que supuxo unha participación do 66,37%.

Así mesmo, desde a intranet ou a través das auditorías ou de iniciativas como o voto solidario, recóllense as opinións dos traballadores.

Investidores e xestores

As opinións da comunidade investidora derivan da nosa relación permanente con eles.

Clientes

Contar con mecanismos que nos permitan detectar as inxerencias e necesidades dos nosos clientes é a base para mellorar calquera negocio. A través de prospeccións de mercado e instrumentos de atención de reclamacións e suxestións somos quen de propoñer solucións.

A inclusión do teléfono de atención ao cliente no propio produto e a súa maior divulgación en revistas aumentaron a cantidade de reclamacións atendidas.

Servizo de atención ao cliente

	2005	2006
Nº clientes atendidos	81.472	94.246
Nº queixas e reclamacións	14.486	18.293

Resaltamos como avance a conversión do servizo de atención ao cliente (en tenda, teléfono e web) nun servizo integral, trasladándose a consulta automaticamente ao responsable, dando así resposta inmediata. A existencia dun foro interno que agrupa a diferentes interlocutores da organización permítenos coñecer e tratar os comentarios que recibimos.

A inclusión do teléfono de atención ao cliente no propio produto e a súa maior divulgación en revistas aumentaron a cantidade de reclamacións atendidas.

Consumidores

A cooperativa EROSKI como asociación de consumidores (LGDCA 1984) asume como misión a defensa dos dereitos e intereses dos consumidores. De aí que esteamos rexistrados nas Xuntas de Arbitraje, tanto no noso papel de asociacións como no de empresa.

Neste sentido, a principal vía establecida para o cumprimento desta misión é a propia actividade societaria mediante a participación dos socios consumidores. Este feito queda reforzado pola particularidade de contar cun Presidente consumidor. As medidas de acceso á información e participación na xestión da empresa se equiparan ás expostas para os traballadores.

Ademais, a figura **Socio-Amigo de FUNDACIÓN EROSKI** foi creada para outorgar representación aos consumidores naquelas zonas onde non existen socios de consumo. Os encontros socio-amigos FUNDACIÓN permítenos detectar de forma temperá os sinais que guiarán as decisións de compra a curto-medio prazo.

Participación de consumidores

	2005	2006
Nº participantes encontros amigos FUNDACIÓN EROSKI	250	220
Nº participantes focos de consumidores	*	17.858

* Os Focos de consumidores iniciáronse en 2006

Como novidade, destacamos a posta en marcha en maio de 2006 dos primeiros **Focos de Participación de Consumidores**. Naceron ante a necesidade de iniciar un proceso participativo que integrase e involucrase aos consumidores a partir dun maior achegamento e coñecemento dos seus intereses cotiáns nos temas nos que estes podían ter influencia e, por tanto, opinión. Foron 17.000 persoas as enquisadas en postos e a difusión das conclusións e respostas leváronse durante varias xornadas, cun total de 2.500 horas de atención ao público.



En maio de 2006 puxéronse en marcha os primeiros Focos de Participación de Consumidores. Enquisouse a 17.000 persoas en postos.

Dedicados a recopilar información sobre os frescos de EROSKI, foron tres os aspectos analizados; e estas, as opinións e respostas:

Opinións e respostas dos frescos de EROSKI

	O CONSUMIDOR OPINA	EROSKI RESPONDE
Variedade de produto	Maior variedade de produtos frescos, especialmente da marca EROSKI Natur. Promocionar máis o produto local.	EROSKI lanza durante 2006 novos produtos frescos EROSKI Natur nas seccións de carne, frutería e charcutería. Ademais, tamén inclúe unha nova gama de produtos sen gluten, aptos para celíacos, e un novo surtido de produto Solución fresca.
Modo de venda	Maior variedade de envases (tamaños e tipos) e coidado dos cortes de produto, tanto en carne como en peixe.	EROSKI incorpora novos formatos de venda de produto, aumentando as variedades de tamaño das porcións e creando o formato individual. Ademais, lanza unha nova gama de corte de produto, tanto en carne como en peixe.
Información de produto	Máis claridade nas etiquetas de produto, aumentando o seu tamaño e a información que inclúen.	EROSKI incorpora maior información no etiquetado das súas carnes sobre o seu uso culinario e os cortes defi niños. Prevese un aumento xeral de tamaño das etiquetas. A de pastelería xa é 2 cm maior que a habitual.



A mellor oferta

4.1 A marca do aforro

4.1.1 Gama marca propia

Desde 1977, EROSKI foi pioneira no mercado español en comercializar produtos de marca propia. No exercicio 2005 procedemos a denominala EROSKI e o seu desenvolvemento foi unha das estratexias que marcou o exercicio 2005-2006. A nosa aposta deu como resultado a renovación de máis de 3.000 referencias permanentes en alimentación e non alimentación.

Diferéncianos a oferta de produtos frescos, cunha calidade e presentación que nos fai especialistas da categoría. EROSKI Natur pon a disposición do cliente carnes, verduras e froitas con garantías de orixe e sabor, asegurando unha trazabilidade total desde a orixe ata o punto de venda. As marcas Romester (de material deportivo), Visto Bueno (de produtos téxtiles) e Ecron (de electrodomésticos, imaxe e son) completan a venda exclusiva nos nosos establecementos.

EROSKI Maestro

EROSKI Maestro nace en 2005 para substituír á marca CONSUMER Maestros Jamoneros. Trátase de produtos de calidade superior dentro da sección de chacinería, compostos de mellor materia prima e cun método de elaboración máis artesanal.

A marca conta con produtos cárnicos como: xamón do país con 14 meses de curación, xamón cocido lentamente, xamón asado á leña, chourizo cular, chourizo de Salamanca, paleta de Teruel, peituga de pavo natural asada e o que se acaba de incorporar salchichón cular. A esta gama, engadíronse en 2006 queixos dunha soa variedade de leite como o rulo de cabra, semicurado de cabra e semicurado de ovella; ou queixos con mesturas de leite máis cualificadas nas súas distintas curacións: semicurado, curado e vello.

Número de referencias marca propia

	2004	2005	VARIACIÓN 2006
Gama alimentación	865	889	2,7%
Gama bazar			
Gama electrodomésticos	1.972	2.262	14,7%
Gama frescos			
Gama téxtil	934	304	-67%

A mellor oferta

4.1 A marca do aforro

4.1.2 O mellor prezo

Traballamos para situar a marca EROSKI na mellor posición de prezo, sen esquecer a calidade de sempre. Neste sentido, as Plataformas do GRUPO realizaron unha contribución clara ao aforro, sendo a orixe principal da redución dos gastos operativos. Así mesmo, grazas a melloras de proceso e a innovacións construídas cos nosos provedores, puidemos gañar competitividade en prezo ao cliente.

A nosa alianza internacional con Alidis tamén contribuíu de forma considerable a construír a marca do aforro, xa que nos permite deseñar solucións cos fabricantes para ofrecer mellores prezos.

Participación MM.PP. sobre o total de vendas

	2005	2006
% vendas marca propia	37,1	38,4

Unha proba do recoñecemento desta posición é o incremento de participación das nosas marcas no total de vendas, que en 2005 supuxo un 28% e en 2006 un 29,16%. Tamén cabería sinalar que a marca EROSKI situouse en 2005 na posición de aforro máis competitiva do sector, cun abaratamento medio do 7% en relación co mercado.

Traballamos para situar a marca EROSKI na mellor posición de prezo. Grazas a melloras de proceso e innovacións, gañamos competitividade en prezo ao cliente.

Na actividade de gasoleiras ofrecemos prezos máis económicos cá competencia, figurando cinco delas en 2005 entre as 20 máis baratas segundo o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Seguindo con esta filosofía, en 2006 inauguramos as gasoleiras cos prezos máis reducidos do seu ámbito de influencia.

Aforro de marca

Desde 2004 vimos traballando nun concepto comercial baixo unha referencia común: Aforro de marca. O obxectivo é dotar ao cliente dun conxunto de produtos a prezos altamente competitivos en todas as áreas. Constituídos por produtos de marca propia (apoiada en EROSKI Aforro) e marcas económicas, son xa 796 produtos en alimentación, outras 146 referencias en bazar e 51 en electrodomésticos. En frescos, ademais de froita e hortaliza, iremos incorporando paulatinamente chacinería e comida preparada. Así mesmo, estenderemos a oferta á gama de téxtil.

A mellor oferta

4.2 Dpto. Calidade e Laboratorio (control marcas propias)

A marca EROSKI inclúe unha garantía dobremente testada de calidade e seguridade alimentaria. Ademais, os nosos compromisos co medio ambiente e diferentes inquietudes sociais quedan plasmados na ampla gama que ofertamos, información que se amplía ao final deste capítulo e no seguinte.

Para iso, o noso Departamento de Calidade e Medio Ambiente dispón dun exhaustivo programa de aseguramento, desde a explotación ata o punto de venda. Dito programa apóiase no noso laboratorio, acreditado por ENAC, e unha rede de auditores, tanto internos coma externos.

Anualmente realízanse máis de 10.000 análises e máis de 1.400 inspeccións a máis de 150 produtos para a revista *Consumer EROSKI*.



Para asegurar que os nosos produtos frescos EROSKI Natur cumpren as máis rigorosas esixencias de calidade, orixe e sabor, desde o Departamento de Calidade leváronse a cabo en 2005 un total de 1.162 auditorías e inspeccións nas explotacións e centros de produción. Ademais destes controis periódicos, deben pasar unha auditoría inicial de homologación para garantir a trazabilidade dos produtos, o cumprimento da normativa técnico-sanitaria, a aplicación dun sistema de produción natural e resto de requisitos específicos.

Control de calidade en provedores EROSKI Natur

		2005	2006
Nº inspeccións (auditorías e controis de calidade)	Laboratorio	268	360
	A provedores EROSKI Natur	1.162	1.147
Nº análises	Laboratorio	7.887	7.442
	Provedores EROSKI Natur	3.687	3.3374

O servizo das plataformas ás tendas é un proceso crítico dentro de noso GRUPO. Este ano consolidamos a garantía de calidade de dúas seccións clave, froita e carne, o que permitiu estender a «calidade concertada» que elimina actividades improdutivas das tendas, ademais de mellorar os niveis de calidade do produto servido. En 2006 seguimos afinando os nosos procesos operativos, os nosos sistemas de información e a colaboración cos provedores para ter cada vez unha mellor trazabilidade. Destacan especialmente os avances na sección de carnicería.

O noso Departamento de Calidade e Medio Ambiente dispón dun exhaustivo programa de aseguramento, desde a explotación ata o punto de venda.

O noso laboratorio

O laboratorio dispón de tres unidades analíticas dedicadas a comprobar o cumprimento dos parámetros lexislados e emitir veredictos sobre a súa calidade. A unidade Química obtén datos de calidade e presenza de substancias indesexables. A Microbiolóxica estuda a posible contaminación por patóxenos e a Xenética comproba aspectos de autenticidade (orixe) e seguridade alimentaria.

O programa de traballo céntrase en tres grandes áreas: análise de produto (para o lanzamento de novos e o seguimento dos existentes), análises horizontais (para comprobar determinadas contaminacións cruzadas) e campañas (controis

microbiolóxicos, presenza de patóxenos, autenticación de alimentos, presenza de glute, etc.). Así mesmo, poden xurdir temas puntuais debidos a alertas alimentarias. Os principais clientes son os Departamentos de Marcas Propias, que supuxeron o 73,3% da actividade en 2006.

No ámbito da investigación xenética para distinción de especies, o noso laboratorio dispón de acordos coa Universidade de País Vasco para peixe e coa Universidade Autónoma de Madrid no caso das aves. Dispoñemos dun convenio coas empresas Ikerlan, Gaiker e Ulma para mellorar os sistemas de envasado e de control de calidade da carne. Traballamos co **Observatorio de Seguridade Alimentaria de Barcelona** para trasladar ao consumidor información sobre seguridade alimentaria.

Distribución da actividade do laboratorio por cliente

CLIENTES	2005	2006
Marcas propias frescos	34,6 %	39,2%
Marcas propias alimentación	37,6%	33,6%
Compras	2,4%	11,2%
Negocios	17,6%	9,0%
Revista	4,7%	3,1%
Reclamacións	0,9%	2,0%
Calidade de produto	1,5%	1,5%
Marcas propias non alimentación	0,6%	0,5%
Sistema de Calidade	0,1%	
Total nº mostras analizadas	7.887	7.442

Distribución de mostras por programa analítico


PROGRAMA	2005	2006
Seguimiento Marcas propias	14,3%	24,1%
Campañas frescura	33,8%	21,0%
Campañas patóxenos	15,5%	12,8%
Estudios de capacidade	2,9%	9,8%
Lanzamento marcas propias	13,8%	9,7%
Alérxenos	0,5%	4,4%
Manipulados en tenda	0%	3,6%
Comparativos	4,8%	3,1%
Transxénicos	4,0%	2,1%
Reclamacións	0,9%	1,9%
Provedores locais	0%	1,9%
Non programado	1,8%	1,0%
Hixiene plataformas	0,1%	1,0%
Vitaminas	0,6%	0,9%
Identificación especies	0,5%	0,8%
Alertas alimentarias	0%	0,6%

Interlaboratorios	0,5%	0,5%
Fibra	0,4%	0,4%
Comida preparada	0,3%	0,3%
Concursos rexionais	0,7%	0,1%
Auditor?as	0%	0,0%

Información en etiquetado

A información é vital para a toma de decisións. Neste sentido, os produtos de marca propia inclúen a súas especificidades en envases, etiquetas e folletos informativos, contribuíndo a que o consumidor poida formar un criterio á hora de elixir. Todos os nosos produtos informan do provedor e EROSKI Natur, ademais, incorpora información sobre a orixe.

Como novidade neste período, en 2005 aseguramos a **identificación dos compoñentes alérxenos en marca propia**, con información no etiquetado.



En 2005, o Departamento de Calidade realizou 1.162 auditorías e inspeccións para asegurar que os produtos EROSKI Natur cumpren as máis rigorosas exixencias de calidade.

A mellor oferta

4.3 Producción integrada. Control de cadea de frío

A monitorización do frío é fundamental para garantir que os produtos están nos rangos de temperatura necesarios para conservar todas as súas propiedades. Baséase no APPCC mecanizado dos puntos de venda, os termógrafos dos camións e os sistemas de control de frío das cámaras das plataformas.

Indicadores de frío*

	2005	2006
Punto de venda	68	71
Plataforma	89	89
Transporte	68	70

*Datos Correspondentes ao fin de exercicio

Co obxectivo de resolver problemas e axustar os requisitos dos produtos frescos, mellorar o sistema de control e garantir o coñecemento para unha xestión eficaz e rendible, en 2005 iniciamos un ambicioso plan de control integral que supuxo un investimento superior aos 16 millóns de euros destinado á renovación de instalacións, tecnoloxía e axuste dos métodos de traballo.

Dito plan céntrase en catro áreas de traballo: equipamentos, sistemas de control e mellora, coñecemento e operativas de traballo, que dá cobertura a puntos de venda, o transporte, plataformas e provedores (este último incluírase nun futuro).

A dotación aos nosos camións do sistema GPS mellora a cadea de frío ao ter un control en tempo real da posición e a temperatura.

Entre as actuacións máis salientables cabería resaltar a dotación aos nosos camións do sistema GPS, para a optimización de rotas e cargas, e mellorar a cadea de frío ao ter un control en tempo real da posición e a temperatura.

Investimentos en cadea de frío

	2006	2005	INCREMENTO
Investimentos realizados	10.363.00 euros	6.205.7050 euros	67%

Programa transversal de frío. Actuacións destacables

	PLATAFORMA	TRANSPORTE	PUNTO DE VENDA
Equipamiento	2005-2006. Instalación de sistemas de control no 90 % das plataformas2005. Axuste de temperaturas en cámara. 2006. Instalación de evaporadores en mobles de exposición	2005. Transporte exclusivo de carne no 100% das plataformas	2005-2006. Cambio de mobles e melloras na sala de máquinas
Sistema de control	2005-2006. Instalación de sistemas de control no 90 % das plataformas	2005. Termógrafos no 100% dos camións. Pilotaxe de GPS en 6 camións. 2006. Instalación GPS no 40% dos camións	2005-2006 Instalación de sistemas de control no 85% dos puntos de venda. 2006. Axuste de instalacións-implantacións do CAU de frío e conexión de centros.
Incremento do coñecemento	2005. Medicións de temperatura en plataformas de exposicións.	2006. Seguimento da temperatura da carne	2006-2007. Seguimento da temperatura da carne desde

	2006. Seguimento da temperatura da carne desde recepción ata a venda	desde recepción en camión a tenda.	recepción en tenda ata introdución no moble.
Operativa de traballo		2006. Transporte combinado Carne-VI Gama froita a 2 grados. 2006. Homologación do proceso de carga, descarga, preenfriado de carne e refrixeración	2005. Manua de boas prácticas para garantir a cadea de frío. 2006. Asegurar correcta implantación do manual de frío. Verificación a través de auditorías internas e externas.

A mellor oferta

ESTUDO DE CASO: Produtos con valores

Non só buscamos un «bo» prezo. Sabemos que os consumidores teñen necesidades e sensibilidades específicas, que evolucionan e cambian co tempo. As diferentes canles que nos permiten pulsar novas demandas posibilitáanos adaptarnos ás novas necesidades e sensibilidades dos consumidores incorporando melloras á nosa gama de produtos.

Neste sentido, conscientes da preocupación pola saúde, durante 2005 incluimos no etiquetado dos produtos EROSKI información para alérxicos, teléfono de contacto e unha actualización dos textos de carácter nutricional. Así mesmo, desde setembro de 2006, encóntranse a disposición do consumidor referencias de produtos de marca propia EROSKI aptos para celíacos, o que significa un control permanente por parte de EROSKI para garantir a ausencia de glute nos produtos. Identificados como tal, son máis de 293 referencias en alimentación, 57 en frescos e 5 en comida preparada.

Información en etiquetado

A nosa política cos alimentos ecolóxicos foi premiada en 2006 co prestixioso galardón Ecogourmets.

Ademais, a sensibilidade ambiental do consumidor levounos a ampliar a nosa oferta con produtos de hixiene persoal testados sen efectuar experimentos con animais ou conservas vexetais ecolóxicas (estas últimas por demanda expresa).

Cuadro 9. Referencias produtos ecolóxicos 2006

2006*

Marca propia	6
Frescos	6
Alimentación	8

* Datos correspondentes ao final do exercicio

O noso compromiso co medio ambiente tamén queda patente na nova gama EROSKI Garden de moble de xardín con **certificación ambiental FSC**, que identifica aos produtos fabricados con madeira procedente dunha explotación forestal sostible (máis información en: www.fsc-spain.org). En cumprimento da nosa política de incorporación de produtos responsables na cesta da compra, en 10 anos pretendemos que toda a liña de papelería e fogar sexa de orixe sostible.

A marca Ecron, de venda exclusiva en hipermercados EROSKI e de gran atractivo para o consumidor, conta na súa gama con todo tipo de electrodomésticos Clase A que permiten ao usuario equipar o seu fogar dunha maneira económica e ecolóxica.

El FSC (Forest Stewardship Council) promueve una gestión forestal ambientalmente responsable y económicamente viable en los bosques de todo el mundo.

A nosa marca EROSKI Natur, ademais de asegurar orixe e sabor, tamén é sometida a controis en relación con esixencias ambientais como o reciclado de plásticos de invernadoiro e de envases de tratamento, limitación do uso de fitosanitarios, regulación das cantidades de nitratos o a prohibición de uso de pensos medicamentados para produtos cárnicos.

Criterios ambientais en EROSKI Natur

% PRODUCTOS EROSKI NATUR QUE INCLÚEN CRITERIOS AMBIENTALES	2004	2004	2006
Froita e verdura EROSKI Natur	23,6	28,29	29,61
Carne EROSKI Natur	33,8	23,52	16,60

Garantimos que a marca EROSKI non contén transxénicos. Para o cumprimento deste compromiso,

dispoñemos dun programa de traballo que controla a ausencia de organismos xeneticamente modificados (OGM). Entidades externas como a Administración ou organizacións non gobernamentais realizan controis cegos a produtos da nosa marca, que ata o día de hoxe deron positivo moi excepcionalmente, polo que poderíamos aventurar que os nosos controis poden asumirse como un método disuasorio que potencia o bo facer dos provedores cos que colaboramos.

Por outro lado, a política do GRUPO EROSKI, respecto a outros produtos non pertencentes á súa marca, céntrase en exixir que se cumpra a normativa europea referente a etiquetado e trazabilidade (Regulamento N.º 1830/2003).

Control de transxénicos en marca propia

	2005	2006
Nº análises de OGM	315	155

Comercio xusto e medio ambiente

A organización de produtores de comercio xusto asegura que os seus membros protexen o medio ambiente natural a través dunha serie de normas:

- Rotación de cultivos.
- Selección dos cultivos máis axeitados para as terras.
- Utilización de abonos naturais.
- Utilización dos cultivos baixo sombra.
- Prohibición do cultivo en zonas de selva virxe.
- Protección e conservación das zonas do redor das fontes de auga.
- Redución do uso de abonos e pesticidas sintéticos e non naturais.
- Diminución na utilización de enerxía, especialmente aquela que provén de fontes non renovables.
- Conservación e reforzo da fertilidade e a estrutura do chan para conseguir unha produción agrícola sostible.
- Non aplicación de produtos agroquímicos.
- Fomento do cultivo biolóxico se é práctico para o plan social e económico dos produtores.

Cada vez son máis os consumidores que piden garantías sobre a orixe e as condicións de produción das súas compras. Neste senso, o selo **Fairtrade de Comercio Xusto** nace coa intención de avalar estes produtos (máis información en www.fairtrade.net).

Este selo é a garantía de que o artigo que o porta cumpre os criterios internacionais de comercio xusto: salarios dignos, respecto dos dereitos laborais dos traballadores e protección do medio ambiente, ademais de destinar os investimentos a mellorar as condicións sociais das organizacións produtoras. Grazas a este comercio alternativo, millóns de persoas dos países do Sur poden vivir de forma digna e garantir un futuro para os seus fillos.

Precisamente, asinamos coa Asociación do Selo de Comercio Xusto un acordo de colaboración para difundir a presenza do selo Fairtrade nestes produtos solidarios, que xa podemos encontrar nos hipermercados EROSKI. En 2006 púxose en marcha a 5.^a campaña, que permitiu aumentar a vendas de produtos de comercio xusto un 65%.

Vendas de comercio xusto

	2005	2006
Facturación neta produtos comercio xusto	164.609,67 euros	271.943,98 euros
% sobre total vendas netas	0,003%	0,004%
Facturación neta Crema de Cacao	15.842,64 euros	16.156,80 euros
Facturación neta Cacao Instantáneo	22.728,60 euros	25.166,52 euros
Facturación neta Café Moído Natural 10	94.631,28 euros	202.504,56 euros
Facturación neta Mascao Leite Orgánico	8.075,25 euros	6.131,00 euros
Facturación neta Mascao Pura Leite	10.974,00 euros	7.502,00 euros

Facturación neta Choc. Pó Cunca Afrikao

12.357,90 euros

14.483,10 euros

Durante 2005 tamén lanzamos dous xoguetes «socialmente responsables», concretamente dous crebacabezas EDUCA, converténdonos así na primeira empresa en crear un produto no que os seus fabricantes se comprometen cos dereitos humanos dos traballadores, o que garante a prohibición do traballo infantil, o traballo forzoso e a discriminación, ademais de esixir uns requisitos en materia de seguridade e hixiene, horario de traballo e remuneración en todos os provedores que interveñen na súa produción.

Ademais de identificar o produto como tal a través dun distintivo, toda esta información aparece no dorso e foi trasladada ao consumidor na campaña de promoción informativa.

Sociedade e medio ambiente na cadea de valor

5.1 Enfoque de xestión

O noso compromiso co medio ambiente, a saúde e a solidariedade non só se aplica internamente. Baixo o paraugas do sistema de xestión ético e o ECOPLAN, cooperamos con toda a cadea de valor mediante programas dirixidos a consumidores, clientes e provedores.

Procesos internos

Integrado de maneira horizontal ao longo de toda a organización, o noso compromiso ambiental materialízase a través de programas de xestión centrados en **diminuír as emisións con efecto invernadoiro, o consumo de recursos e a xeración de residuos, ademais da conservación da biodiversidade.**

No aspecto social, a xestión interna vai dirixida aos nosos traballadores, centrada en políticas e programas de **non discriminación**, promoción de inserción de minorías, prevención de riscos laborais, promoción da participación na toma de decisións e fomento da empregabilidade e satisfacción persoal. Os resultados do noso esforzo quedan amplamente recollidos nos capítulos 6 e 7 desta memoria.

Consumidores y clientes

Ademais de poñer á súa disposición produtos responsables, tal e como se describe no capítulo anterior, queremos inculcar os nosos valores a través dunha grande variedade de actividades xestionadas desde FUNDACIÓN EROSKI e dirixidas a informar, fomentar os hábitos de vida saudables, a sensibilización ambiental e a solidariedade.



A extensión da responsabilidade ambiental cara a sociedade canalízase a través de actividades nos propios puntos de venda, como conferencias de expertos ou campañas apoiadas por postos, colecciónables e folletos.

As accións transcenden dos clientes á xeralidade dos consumidores mediante os **soportes informativos en Internet** e os dirixidos aos socios-amigos de FUNDACIÓN EROSKI.

Os nosos provedores

Establecemos acordos con sindicatos e fabricantes de produtos que poidan **promover o progreso no ámbito local e rexional**. Ademais, dispoñemos de políticas internas dirixidas a lograr prácticas socialmente responsables centradas **na defensa dos dereitos humanos, a solidariedade e o respecto ao medio ambiente.**

A esixencia de certificados de procedencia legal e sostible dos produtos é unha tendencia crecente que compartimos con Intercoop, a plataforma internacional de compras de Non Food. Antes de ser dados de alta como provedores, remíteselles o Código ético, que recolle estes principios e que está sometido a auditorías. A tarefa deseñada e xestionada desde o Comité Ético non abarca só ás marcas propias, senón a toda a central de compras.

Certificación ambiental de Artea

O hipermercado EROSKI de Artea dispón da certificación de xestión ambiental ISO 14001 desde o ano 2000. A monitorización dos datos en Artea é a base para as estimacións de consumos, emisións, vertidos e xeración de residuos no resto de puntos de venda. Ademais, converteuse no «laboratorio» para a mellora ambiental da rede comercial, servindo de centro de pilotaxe de iniciativas como as descritas nesta memoria e nas edicións anteriores.

Sociedade e medio ambiente na cadea de valor

5.2 O noso comportamento ambiental

5.2.1 Cambio climático

A nosa contribución máis significativa ao cambio climático débese ao consumo de enerxía e, en menor medida, á fuga de gases refrixerantes e de combustibles en gasolineiras.

Respecto ao consumo de electricidade, pode dicirse que os hipermercados son os máis intensivos. A súa monitorización no hipermercado de Artea permítenos extrapolar e, desta maneira, calcular o consumo total de todos os hipermercados. Nestes dous últimos anos viuse incrementado debido ao aumento da temperatura na sala de vendas con fin de ofrecer un maior confort aos clientes.

O noso compromiso co medio ambiente, a saúde e a solidariedade aplícase tamén a toda a cadea de valor: consumidores, clientes e provedores.

En canto á contribución da actividade loxística, queda amplamente descrita no apartado «Compromiso co cambio climático», neste mesmo capítulo.

Consumo eléctrico e cambio climático en hipermercados

	2005	2006	VARIACIÓN 2006
Consumo electricidade (kWh)*	178.158.481	199.101.601	+3,95%

Asúmese que 1 kWh equivale a 0,0036 GJ.

Sociedade e medio ambiente na cadea de valor

5.2 O noso comportamento ambiental

5.2.2 Uso de recursos

Nos últimos meses do exercicio 2006 implantouse un novo proceso produtivo na sección de peixería do hipermercado de Artea, diminuíndo a venda asistida do produto en favor da venda porción-consumidor do produto en bandexa. Esta medida, a pesar de aumentar o consumo de envases, supuxo unha diminución da cantidade de auga utilizada no centro para a limpeza e preparado do produto, así como a cantidade de auga empregada para a fabricación de escamas de xeo do mostrador de peixería.

Uso de auga (só hipermercados de Artea)

	2005	2006	VARIACIÓN 2006
Consumo de auga (m ³)	6.732	6.501	-3,43%

En relación co consumo de envases, como xa se apuntou, o incremento débese á implantación importante do modelo porción-consumidor nas seccións de frescos. Ademais, a redución da gramaxe das bolsas camiseta dou como resultado un aumento do seu consumo.

Consumo de envases (só hipermercados de Artea)

		2005	2006	VARIACIÓN 2006
Consumo envases	Consumo total (unidades)	3.381.438	3.714.624	+8,17%
Consumo bolsas camisetas	Consumo total bolsas camiseta (unidades)	6.684.000	8.447.000	+30,82%

Sociedade e medio ambiente na cadea de valor

5.2 O noso comportamento ambiental

5.2.3 Xeración de residuos

As principais actuacións ao longo dos exercicios 2005 e 2006 foron encamiñadas a definir e implantar sistemas de recollida que garantan o cumprimento da regulamentación dos subprodutos de orixe animal, así como a recollida e xestión dos residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE). Para o primeiro dos aspectos traballamos na recollida dos residuos cárnicos que xeramos en cada un dos nosos puntos de venda a través da súa centralización nas nosas plataformas, onde posteriormente un xestor autorizado procede á súa retirada para tratalos adecuadamente.

Respecto aos RAEE, GRUPO EROSKI adheriuse a un sistema integrado de xestión ECOTIC polo que garantimos que os RAEE dos nosos clientes se entregan a uns xestores autorizados onde se separarán aqueles compoñentes do aparato que se poidan reciclar ou reutilizar de aqueles que deben xestionarse como residuos perigosos.

Garantimos que os residuos de aparatos eléctricos e electrónicos se entregan a uns xestores autorizados que se encargan de xestionar os residuos perigosos.

Continuamos coa separación selectiva e retirada polo xestor autorizado, ademais das medidas de redución en orixe, centradas na xestión de stok e o reciclado e reutilización, sobre todo de embalaxe loxística. Neste sentido, non se recibiron queixas de incumprimento.

Xeración de residuos (só hipermercado de Artea)

	2005	2006	VARIACIÓN 2006
Totais (kg)	949.006,5	908.170,5	-4,3%
RP (kg)	5.796,5	4.610,5	-20,5%
Residuos reciclados (kg)	543.310	548.960	+1,0%
Residuos reciclados (%)	56,98	59,64	+4,67%

Sociedade e medio ambiente na cadea de valor

5.2 O noso comportamento ambiental

5.2.4 Biodiversidade

Tal e como se apunta no capítulo anterior, contribuímos a evitar a perda de biodiversidade introducindo prácticas de agricultura sostible na marca propia dentro da gama de frescos e madeira, así como o aseguramento da non experimentación con animais en produtos de hixiene persoal. Así mesmo, non comercializamos produtos de marca propia que fosen manipulados xeneticamente, labor analítica que se realiza de forma rigorosa no noso laboratorio.

En relación coa actividade promotora propia, tanto de centros comerciais como de vivendas, ademais de aplicar requisitos de eficiencia enerxética, contrólase o cumprimento legal dos protocolos establecidos para a avaliación de impacto ambiental, en función da sensibilidade do medio onde se vai construír. Non se recibiron queixas ou reclamacións por incumprimento do noso compromiso na conservación da biodiversidade.



Non comercializamos produtos de marca propia que fosen manipulados xeneticamente e para asegurarnos, analizámoslos de forma rigorosa no noso laboratorio.

Sociedade e medio ambiente na cadea de valor

5.3 Sensibilización a clientes e consumidores

5.3.1 Campañas, actividades e iniciativas

A implicación directa dos consumidores permite unificar esforzos para incrementar tanto o impacto económico como a repercusión das iniciativas promovidas en pro da protección ambiental e o progreso social. Baixo esta crenza, poñemos en marcha desde **FUNDACIÓN EROSKI** multitude de actividades que permiten sensibilizar e informar aos clientes nos nosos puntos de venda.

Reforzo da sensibilidade do consumidor

	2005	2006
N.º participantes en actividades de concienciación ambiental	252.500	288.440
N.º participantes en actividades relacionadas con costumes saudables	1.747.355	1.643.831

Foros Idea Sana EROSKI 2005-2006

2005	OBSERVACIÓNS
Como ensinar aos nenos a amar a música	Colaboramos coa Fundación Magistralla na posta en marcha dun campamento de verán para rapaces músicos
Benestar a través da lectura	
Sobre os cítricos	Coa participación do cociñeiro Manolo Rincón
Unha historia de superación	Co ximnasta Gervasio Defer como protagonista
Cambia de look, cambia de ánimo	Con Lluís Llongueras como protagonista
Unha vida con deporte	A montañeira Edurne Pasaban foi a protagonista
Coidados necesarios para previr o colesterol	colaboración co Instituto Kaiku para a saúde

Para acercar á sociedade os consellos de expertos profesionais en materias relacionadas coa saúde e o benestar, celebramos conferencias nos puntos de venda dentro do espazo que denominamos **Foros Idea Sá EROSKI**.

Tamén desenvolvemos campañas apoiadas por postos, coleccionables e folletos relacionados con hábitos de vida saudables, sensibilización ambiental e solidariedade.

Campañas Idea Sana EROSKI 2005-2006

ÁREA TEMÁTICA	2005	OBSERVACIONES
Previr a obesidade é unha Idea Sa EROSKI		2005-2006. dentro da campaña, puxemos en marcha en novembro a Exposición Alimentación Saudable e sumámonos á Marcha pola Diabete 2005
Carne de ovino		2005.
Comer ben, comer san		2006. Xunto coa Fundación para o Desenvolvemento da Dieta Mediterránea (FDDM)
Fomento da lectura		2005. En colaboración coa Fundación José Manuel Lara.
Exposición Alimentación Saudable, Semana do Corazón e Celebración do Día Mundial do Corazón		2006. Colaboración coa Fundación Española do Corazón (FEC).
Sobre as plantas		2005. Xunto coa Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Madrid.
Sobre os xelados		2005. Xunta coa Asociación Española de fabricantes

		de Xelados.
Alimentación e información	Sobre a cereixa do Jerte	2005. Co Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Cereixa do Jerte.
	Bronceado saudable	2006. coa Asociación Española contra o Cancro (AECC) e o Centro de Optometría Internacional (COI) e o primeiro centro español de Estudos Posgrado de Optometría
	Sol e ocio saudable	2005. En colaboración coa Asociación Española contra o Cancro. (AECC).
	Idea Sana EROSKI co Camiño de Santiago	2006. Entregáronse bolsas de avituallamento gratuítas compostas por auga e froitos secos, en diversas tendas EROSKI situadas ao longo do Camiño de Santiago.
	Todos.es, todos en Internet	2005. Adherímonos á iniciativa do Ministerio de Industria para difundir e potenciar o uso de Internet.
	Celíacos, unha vida sen glute	2006. en colaboración coa Fundación Hispana de Osteoporose e Enfermidades Metabólicas Óseas (FHOEMO).
	Difusión da Acuaterapia	Xunto co Escola Nacional de Acuaterapia (ENAT)
	Asesoría do xoguete	2005-2006
	Calcio e saúde	2006. en colaboración coa Fundación Hispana de Osteoporose e Enfermidades Metabólicas Óseas (FHOEMO).
	Aceite de oliva	2006. Coa Fundación do Oliviar.
	O ovo, un alimento redondo	2006. Xunto co Instituto de Estudos do Ovo.
	Conducir de maneira saudable	2005. Xunto co RACC.
	Medio ambiente	A cortiza, material ecolóxico
Bolsa reutilizable EROSKI		2005-2006. A bolsa repartiuse de forma gratuíta en todas as tendas EROSKI e a 15 céntimos unha vez esgotada a tirada inicial de 450.000 unidades.
Verán ecolóxico		2005-2006. En colaboración coa Federación de Asociacións Coñecer e Protexer a Natureza.
Aforro de auga		2005-2006. Con WWF/Adena.
Deteñamos os incendios forestais		2005-2006. Con WWF/Adena.
Reciclaxe de envases		2006. Con ECOEMBES
A importancia da reciclaxe		2005. Con ECOVIDRIO, WWF/Adena y Asimelec.
A favor das aves		2006. Xunto coa Sociedade Española de Ornitoloxía SEO/Bird Life.
Quincena da reciclaxe		2006. Xunto co Asimelec.
Quincena do cambio climático		2006. Xunto con WWF/Adena.
Eu colaboro		2005. De axuda ao sureste asiático. 2006. De axuda aos damnificados polo sismo de Indonesia. En colaboración con Cruz Vermella.
Quincena do comercio xusto	2005-2006. Con Intermón-Oxfam	

Solidariedade	Móllate pola esclerose múltiple	2005-2006. Coa Fundación Española de Esclerose Múltiple.
	25 para o 2005	2005-2006. d amañ de UNICEF, en prol da educación de nenas en 25 países do Terceiro Mundo.
	Solo Fairtrade de comercio xusto	2005. Con Intermon-Oxfam. 2006 Xunto coa Asociación do Selo de Produtos de Comercio Xusto.
	Un pouco da túa compra é moito	2005-2006. Xunto coa federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL)

En 2005 subscribimos un acordo coa Fundación para o Desenvolvemento Sostible de Baleares para distribuír entre os nosos clientes a **Tarxeta Verde**, iniciativa que combina descontos de compra e a protección do patrimonio natural da illa. Ademais de formar e informar, poñemos a disposición dos nosos clientes os medios para que fagan efectivo o seu compromiso.

A adhesión de GRUPO EROSKI ao sistema integrado de xestión ECOTIC permite aos nosos clientes desfacerse dos residuos de **aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE)**, coa garantía de que estes se entregarán a xestores autorizados onde se separarán aqueles compoñentes do aparato que teñen un aproveitamento.

Tamén puxemos en marcha o **Plan Renove de electrodomésticos**, co que se renovaron máis de 90.000 aparatos. A crecente preocupación dos consumidores polo aforro enerxético viuse incrementada pola axuda que se outorga por parte do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e dos gobernos autonómicos. Os consumidores que estean pensando en comprar un electrodoméstico e desexen acollerse a estas axudas poden solicitar información nos hipermercados EROSKI, onde lles informarán da posta en marcha das axudas e dos trámites para obtelas.

Na práctica, renovar os electrodomésticos do noso fogar pode resultar moi vantaxoso. Se unha familia optase por cambiar todos os aparatos de clase D -convencionais- da casa por outros de clase A -eficientes-, a súa factura eléctrica reduciríase nun 12% anual. Coa lavadora non só se produce un aforro eléctrico, senón tamén de auga: unha lavadora de clase A aforraría máis de 35.000 litros de auga ao longo da súa vida útil.



Desde FUNDACIÓN EROSKI poñemos en marcha multitude de actividades para sensibilizar e informar aos clientes en prol da protección ambiental e o progreso social.

Tamén grazas aos nosos clientes, a bolsa reutilizable segue cuidando do medio ambiente. Centos deles sumáronse á moda ecolóxica e levan as súas compras nesta bolsa polo módico prezo de 0,15 euros. Cun atractivo deseño, máis actual e colorista, permite aforrar ata 15 bolsas das tradicionais. Esta bolsa está realizada con materiais reciclables e contribúe a respectar o noso entorno natural. Se a bolsa se rompe ou se estropea, só hai que pedir unha nova nos hipermercados EROSKI completamente gratis, tantas veces como sexa necesario.

Sociedade e medio ambiente na cadea de valor

5.3 Sensibilización a clientes e consumidores

5.3.2 Información ao consumidor

A cooperativa EROSKI, na súa calidade de asociación de consumidores, dedica os seus esforzos a través da FUNDACIÓN EROSKI á formación e información dos consumidores. Este compromiso materialízase no diario *Consumer EROSKI* e a súa versión electrónica *Consumer.es EROSKI*, este último boletín que se converteu no octavo medio de comunicación en Internet con máis usuarios de todo o país.

Consumer.es EROSKI analiza a vida cotiá, sempre desde a óptica dos dereitos do consumidor, informándoo para que poida decidir en cada ocasión o máis conveniente para os seus intereses. Ademais, é un medio de comunicación comprometido co consumo sostible que ofrece información para a redacción do impacto ambiental do día a día. O rigor, a precisión, a utilidade e a claridade son as nosas sinais de identidade.

Estrutúrase en cinco soportes informativos con periodicidades, formatos e contidos complementarios:

- **Boletín electrónico diario:** máis de 30 informacións novas cada día sobre alimentación, vivenda, dereitos do consumidor, viaxes, novas tecnoloxías, economía doméstica, bricolaxe, motor, educación, ciencia, medio ambiente, saúde, solidariedade e seguridade alimentaria.
- **Revista mensual:** todos os exemplares da revista do consumidor de hoxe íntegros desde 1998. Tamén en PDF.
- **Guías prácticas:** libros electrónicos útiles para a vida cotiá.
- **Escolas on-line:** cursiños prácticos sobre cuestións complexas moi relacionados coa nosa vida cotiá.
- **Consumaseguridad.com:** web especializada en seguridade alimentaria enfocada desde a perspectiva dos consumidores.



Consolidouse o liderado absoluto de Consumer.es EROSKI en temas de vida cotiá en Internet, conseguido mediante un crecemento sostido en audiencia a través dunha mellora permanente da usabilidade e dunha crecente diversidade, calidade e utilidade das súas informacións. Segundo datos oficiais OJD, a nosa web de información ao consumidor é, cos seus **2 millóns de usuarios** únicos cada mes, o octavo medio de comunicación con maior audiencia en Internet de todo o país.

Continúa a excelente marcha no que respecta á incorporación de novos subscritores aos nosos oito boletíns electrónicos (resumen semanal de Consumer.es EROSKI, revista impresa, Alimentación, Novas Tecnoloxías, Consumaseguridad, Solidariedade, Medio Ambiente e Saúde); a finais do exercicio 2006, contabamos xa con case **400.000 subscritores**.

Ampliáronse e melloráronse as canles temáticas de Saúde e de Novas Tecnoloxías, un dirixido ao noso usuario de toda a vida, o outro máis pensando para eses mozos aos que costa chegar con publicacións impresas. Ambas as dúas canles demostraron xa a súa capacidade de suscitar o interese: Novas Tecnoloxías conta con máis de 25.000 subscritores e Saúde ten xa 17.000. Outras canles de Consumer.es EROSKI que foron potenciadas este ano foron o de Medio Ambiente e o de Solidariedade:

o boletín electrónico semanal de Medio Ambiente conta xa con 11.000 subscritores e o de Solidariedade con máis de 6.000.

Estes catro novos boletíns súmanse aos xa existentes de Alimentación e Seguridade Alimentaria e aos xenéricos de O mellor da semana e ao mensual da revista impresa. Cada mes de 2006 conseguiron de media máis de 12.000 subscritores novos.

Axudámoste a acertar

Un ano máis, a revista publicou análises comparativas de produto para axudar aos consumidores a acertar na súa compra e a coñecer as principais características dos produtos. Os máis destacables en produtos de non alimentación foron: cadeas para a neve, teléfonos móbiles de gama media, aspiradoras compactas, dentífricos branqueantes, camisetas térmicas e CD gravables; e nos de alimentación: repostería industrial, salsas envasadas, barras enerxéticas, leite enriquecida con calcio, marmeladas de fresa e sal en alimentos elaborados.

Outras publicacións impresas

editadas en 2006

- **Guía Práctica Consumer EROSKI Carnes.** Publicada a última semana de maio, con 285 páxinas a toda cor, tivo unha tirada de 5.000 exemplares.
- **Guía Práctica Consumer EROSKI 39 Bens Patrimonio da Humanidade.** Foi publicada a mediados de xaneiro de 2006, con máis de 350 páxinas a toda cor e unha tirada de 5.000 exemplares.

A calidade dos nosos produtos informativos

Para medir a calidade dos nosos produtos informativos, realizamos enquisas, ano tras ano, aos usuarios máis habituais. Os obxectivos para estes indicadores son: oito puntos de valoración xeral media na enquisa de satisfacción de lectores habituais da revista impresa; e outros oito, na enquisa aos subscritores de Consumer.es.

Estes dous anos superouse o limiar de calidade co boletín electrónico. A revista impresa mellorou a súa valoración, achegándose cada vez máis ao obxectivo marcado. Se 2005 foi o ano en que se reforzou o proxecto Consumer.es EROSKI en Internet, 2006 foi testemuña do lanzamento da nova revista Consumer EROSKI. Deu un importante salto de calidade, aumentando os seus contidos, introducindo novas seccións, mellorando o seu papel e o deseño. Potenciou os eixes de amenidade, consistencia, diversidade temática e atractivo visual, cambios avalados por unha mesa de participación composta por máis de 20 persoas, dúas terceiras partes delas alleas á revista.



Consumer.es EROSKI analiza a vida cotiá desde a óptica dos dereitos do consumidor e infórmalle para que poida decidir o máis conveniente para os seus intereses.

Nova distinción internacional ás nosas infografías

O conxunto de infografías publicadas en 2005 en Consumer.es EROSKI foi galardoado en marzo de 2006 con dúas medallas de bronce polo xurado internacional dos premios Malofiej, que se entregaron durante a clausura da Cumio Mundial de Infografía organizada polo Capítulo Español da Society for News Design (SND-E) e a Facultade de Comunicación da Universidade de Navarra.

A calidade dos nosos produtos informativos

VALORACIÓN XERAL MEDIA SOBE 10	2004	2005	2006
Enquisa de lectores revista impresa	7,7	7,7	7,84
Enquisa de subscritores de Consumer.es	8,39	8,40	8,30

Sociedade e medio ambiente na cadea de valor

5.4 Traballo con provedores

5.4.1 Provedores estratéxicos. Homologación, avaliación e seguimento

As esixencias e compromisos lévanos a manter colaboracións estratéxicas con provedores de froita, verdura e carne de marca propia. En 2005 contabamos con 13 convenios de carne de produtos EROSKI Natur e representaron o 70% das vendas deste tipo de produto. No caso da froita, 39 agricultores subscribiron o noso prego de condicións Natur en canto a prácticas agrícolas e parámetros sensoriais, e supuxeron o 48% de toda a froita e verdura que se vendeu nas nosas tendas.

En relación coa protección do entorno, ademais do control dos atributos ambientais dos produtos EROSKI Natur (ver capítulo 4), a xestión ambiental esténdese á nosa cadea de subministro a través dun programa de clasificación de provedores baseado no grao de implantación dun sistema de xestión ambiental segundo ISO 14001 ou EMAS. Baixo o nome de metodoloxía e+5 (www.emas5.com), en 2005 o 39% dos provedores de marca propia foron clasificados, e chegouse ao 81% en 2006.

Esta metodoloxía tamén inclúe un completo dossier de axuda e formación que poñemos a disposición dos nosos provedores para poder avanzar gradualmente ata certificar o seu sistema.

